



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
CULTURA E TURISMO
Turismo de Galicia

Estrada Santiago-Noia, Km. 3
15897 Santiago de Compostela
Teléfono 981 546 358
<http://www.turismo.gal>

galicia

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA TURISMO DE GALICIA, E A CISTERCIENSE ORDE DA ESTRITA OBSERVANCIA MONASTERIO DE SANTA MARÍA DE OSEIRAMONASTERIO DE SANTA MARÍA DE OSEIRA PARA A EXUCUCIÓN DAS OBRAS DE REFORMA E ADAPTACIÓN DE ESPAZOS NO MOSTEIRO DE SANTA MARÍA DE OSEIRA PARA ALBERGUE PÚBLICO DA XUNTA DE GALICIA.

Santiago de Compostela, 26 de maio de 2020

Dunha parte, D. Román Rodríguez González como Presidente da **Axencia Turismo de Galicia**, en virtude do establecido na disposición adicional primeira do Decreto 106/2018, do 4 de outubro, polo que se modifica parcialmente o Decreto 177/2016, do 15 de decembro, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia, e o Decreto 196/2012, do 27 de setembro, polo que se crea a Axencia de Turismo de Galicia e apróbanse os seus estatutos, en relación co Decreto 97/2018, do 26 de setembro que dispón o seu nomeamento como Conselleiro de Cultura e Turismo e no exercicio das facultades que resultan do artigo 3 do Decreto 196/2012.

Doutra parte, D. Enrique Trigueros Castillo, en nome e representación de **Cisterciense Orde da Estrita Observancia Monasterio de Santa María de Oseira**, con C.I.F. R3200029A, con sede no Lugar Monasterio Oseira s/n, 32130 San Cristovo de Cea / Ourense.

As partes, no nome e representación no que concorren e coa capacidade legal suficiente para este acordo,

EXPOÑEN

PRIMEIRO.- Que o Mosteiro de Santa María a Real de Oseira atópase incluído no Rexistro de Bens de Interese Cultural da Xunta de Galicia, número RBIC bic.000.014, BIC AGE 51-0000244-00000, declarado Ben de Interese Cultural ca categoría de monumento mediante a Real Orde 12/04/1923, publicado na Gaceta GAC 114-24.04 de 1923, atopándose na ruta do Camiño Xacobeo.

O conxunto arquitectónico está formado pola Igrexa e o Mosteiro de Santa María e atópase no municipio de San Cristovo de Cea, nun val encaixado entre montañas, na provincia de Ourense, próximo ós límites das provincias de Lugo e Pontevedra





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
CULTURA E TURISMO
Turismo de Galicia

Estrada Santiago-Noia, Km. 3
15897 Santiago de Compostela
Teléfono 981 546 358
<http://www.turismo.gal>

galicia

A súa construción desenrolouse ao longo dos diferentes séculos e con diferentes estilos, desde o século XII co románico, ata o XVIII co barroco, pasando polo gótico e o renacentista.

SEGUNDO.- Que na actualidade o Mosteiro de Oseira alberga na planta baixa dunha das súas alas na parte o nacente do cenobio, un albergue nun espazo único baixo unha bóveda de canón.

Un albergue con problemas graves de humidades, no chan, e sobre todo con falta de accesibilidade ós servizos. Un espazo sen practicamente posibilidade de ventilación e iluminación natural, e cunhas características con dificultades para a súa ampliación.

TERCEIRO.- Que a Axencia Turismo de Galicia está interesada en destinar estas dependencias do Mosteiro a Albergue de Peregrinos da Rede Pública de Albergues da Xunta de Galicia, e dado que o espazo ten unas características con dificultades para a súa ampliación, decidiuse a construción dunha nova edificación para Albergue no extremo do poñente onde existen unhas naves abandonadas procedéndose deste xeito a súa recuperación e dando uso a un espazo que dificilmente recuperaría un uso, nunha situación tranquila e illada, preto do Camiño de Santiago.

Esta idea viuse reforzada pola posibilidade, nun futuro, de converter o antigo colexio, edificación do século XIX trala que se sitúa a proposta do novo albergue, no futuro centro de recepción dos visitantes que acoden o conxunto monacal.

CUARTO.- Que ambos espazos sitúanse de xeito que non alteran a vida de clausura da comunidade, permitindo una certa sensación de intimidade e calma aos peregrinos á vez que conservan a liberdade de movementos e desprazamento.

QUINTO.- Que o municipio de San Cristovo de Cea é un dos municipios polo que pasa o Camiño Mozárabe ou Vía da Prata, no que durante os derradeiros anos se ven producindo un incremento notable de peregrinos polo que a existencia dun albergue de peregrinos é moi necesaria para atender a demanda de aloxamento. A maior abundamento, unha infraestrutura destas características contribuiría moi positivamente á dinamización económica e turística de San Cristovo de Cea.

SEXTO.- Que a Axencia Turismo de Galicia é a entidade pública instrumental que se crea co obxectivo de impulsar, coordinar e xestionar a política autonómica en materia de turismo e, en especial, a promoción e a ordenación do turismo dentro da comunidade e a conservación e promoción dos camiños de Santiago.

De conformidade co artigo 9 dos seus estatutos, aprobados polo Decreto 196/2012, do 27 de setembro, ten entre as súas funcións, directamente ou a través da SA de Xestión do Plan Xacobeo, a dirección e coordinación das actuacións relacionadas coa posta en valor cultural e

ABADÍA CISTERCIENSE DE OSEIRA
SANTA MARÍA LA REAL DE OSEIRA



Xacobeo 2021



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
CULTURA E TURISMO
Turismo de Galicia

Estrada Santiago-Noia, Km. 3
15897 Santiago de Compostela
Teléfono 981 546 358
<http://www.turismo.gal>

galicia

turístico do Camiño de Santiago, a súa promoción, a xestión da imaxe corporativa do Xacobeo e da rede de albergues, e o mantemento e conservación dos camiños e a súa sinalización, así como calquera outra acción que redunde en beneficio do Camiño de Santiago.

SÉTIMA.- Que a Cisterciense Orde da Estrita Observancia Monasterio de Santa María de Oseira está interesada en poñer en valor o seu patrimonio e compartilo coa cidadanía e, en concreto, en destinar os espazos mencionados aos efectos de que sexan rehabilitados e destinados a albergue da Rede Pública para os peregrinos do Camiño de Santiago.

Tendo en conta o sinalado anteriormente as partes conveñen na sinatura do presente convenio de cesión do uso dos bens inmoables para o seu destino a albergue de peregrinos, que se rexerá polos pactos e termos que se conteñen nas seguintes

ESTIPULACIÓNS

Primeira.- Obxecto e destino

A Orde da Estrita Observancia Monasterio de Santa María de Oseira cede gratuitamente, libre de cargas, á Axencia Turismo de Galicia o uso das edificacións e espazos que se identifican no Plano nº1 anexo ao presente convenio e coa distribución recollida nos planos nº 2 y 3.

Os espazos obxecto desta cesión serán destinados única e exclusivamente, na súa integridade, e con exclusión de calquera outro uso, a albergue de peregrinos da Rede Pública de Albergues da Xunta de Galicia, sen que poida modificarse o devandito uso sen o consentimento previo e por escrito da Orde da Estrita Observancia Monasterio de Santa María de Oseira. En todo caso coidará a Axencia Turismo de Galicia de que non se leven a cabo no inmovible cedido actividades contrarias á moral e principios da Orde e da Igrexa Católica.

Se por calquera razón durante a vixencia do convenio non puidera cumprirse o destino pactado, e aínda e cando non mediara culpa da Axencia Turismo de Galicia, o convenio quedaría automaticamente resolto, sen que proceda indemnización de ningún tipo polas obras realizadas.

Segunda.- Prezo

A cesión de uso que a Orde da Estrita Observancia Monasterio de Santa María de Oseira outorga a favor da Axencia Turismo de Galicia ten carácter gratuíto, salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros e do que se estipule neste convenio

Terceiro.- Vixencia, modificación e resolución

O presente convenio terá efectos desde a sinatura do mesmo, e terá unha duración ata o 31 de decembro de 2044. Unha vez finalizada a súa vixencia e valorados os resultados alcanzados as partes comprométense a negociar un novo convenio.



ABADÍA CISTERCIENSE
SANTA MARÍA LA REAL DE OSEIRA





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
CULTURA E TURISMO
Turismo de Galicia

Estrada Santiago-Noia, Km. 3
15897 Santiago de Compostela
Teléfono 981 546 358
<http://www.turismo.gal>

galicia

Durante a súa vixencia calquera proposta de modificación do mesmo deberá ser efectuada por escrito e asinada por ambas partes para a súa conformidade.

O presente convenio poderá ser resolto de mutuo acordo por ambas partes. Así mesmo, calquera delas queda facultada unilateralmente á resolución, comunicándollo á outra por escrito cunha antelación mínima de tres meses, en caso de incumprimento de calquera cláusula do presente acordo. A tal efecto, se a extinción ou resolución ven motivada por incumprimento da Axencia Turismo de Galicia das obrigas comprometidas no presente convenio, e antes da terminación das obras comprometidas no mesmo, a Axencia de Turismo virá obrigada a abonar á Orde da Estrita Observancia Monasterio de Santa María de Oseira o importe correspondente as obras que quedaran pendentes de realizar.

Unha vez acabada a vida do proxecto, ou resolto o convenio, calquera que fose a causa, a Axencia Turismo de Galicia retirará todos os seus mobles, comprometéndose a devolver a edificación á Orde da Estrita Observancia Monasterio de Santa María de Oseira en condicións de ser utilizado para a realización de calquera actividade que implique a ocupación de persoas. Todos os mobles e enseres, que non fosen retirados no momento en que se entregue a posesión á Orde da Estrita Observancia, consideraranse abandonados a todos os efectos, podendo o Orde da Estrita Observancia Monasterio de Santa María de Oseira dar aos mesmos o destino que crea conveniente, incluído o acordar a súa destrución, sendo de cargo da Axencia de Turismo de Galicia o abono dos custos que de elo se deriven.

Cuarta.- Compromisos da Axencia Turismo de Galicia

A Axencia Turismo de Galicia comprométese á recuperación do ben inmovible cedido mediante a execución dun proxecto de rehabilitación e adecuación, previa tramitación e cumprimento dos trámites legais para que o lugar poida ser destinado a albergue de peregrinos. A tal efecto, a Axencia Turismo de Galicia recibe o inmovible a súa enteira satisfacción sen que nada teña que reclamar nin obxectar, e sendo da súa exclusiva conta a obtención de todas as licencias, permisos e autorizacións precisas, así como a realización de todas as obras e reparacións necesarias para o fin o que se destina o inmovible, as cales quedarán sempre en beneficio do Orde da Estrita Observancia Monasterio de Santa María de Oseira sen que proceda por razón das mesmas ningún tipo de indemnización.

A Axencia Turismo de Galicia comprométese a licitar as obras e deberá completar a rehabilitación da edificación nun prazo máximo de cinco anos dende a sinatura deste convenio, debendo facer entrega á Orde da Estrita Observancia Monasterio de Santa María de Oseira dunha copia do proxecto onde consten as distintas partidas a realizar e presuposto económico previsto para as mesmas. O incumprimento da obriga de completar a rehabilitación no prazo establecido é causa expresa de resolución do convenio, debendo indemnizar á Orde da Estrita Observancia Monasterio de Santa María de Oseira co abono do importe correspondente ás obras pendentes de realizar.





A Axencia Turismo de Galicia ten o compromiso de manter, durante o tempo de cesión concedido polo Orde da Estrita Observancia, en bo estado de conservación o ben inmovible descrito neste convenio, o seu exterior e interior.

Os servizos de auga, gas, electricidade, teléfono ou calquera outros que puideran ser susceptibles de individualización mediante aparatos controladores serán de conta e a cargo da Axencia Turismo de Galicia que deberá contratalos a súa costa coas empresas subministradoras. Sendo tamén pola súa conta a eventual adquisición, instalación, reparación e substitución dos contadores correspondentes; os gastos de instalación conservación e reparación das instalación de tales subministros e o custe das modificacións que nas mesmas deban realizarse por disposición de imperativo legal ou administrativo, se fose o caso. Todo o anterior se entende con absoluta indemnidade da Orde da Estrita Observancia.

A Axencia Turismo de Galicia é a única responsable de cantos danos poidan ocasionarse á Orde da Estrita Observancia Monasterio de Santa María de Oseira ou a terceiros, e sexan consecuencia, directa ou indirecta, da actividade de albergue desenvolvida pola Axencia Turismo de Galicia no recinto do mosteiro, xa sexan causados polos usuarios ou calquera persoa cuxa entrada se permita no mesmo.

Queda igualmente a Orde da Estrita Observancia Monasterio de Santa María de Oseira exenta de toda responsabilidade respecto aos actos que cometese o persoal dependente da Axencia Turismo de Galicia contratado para o desenvolvemento da actividade de albergue de peregrinos.

Así mesmo, a Axencia de Turismo de Galicia faise responsable de todas as obrigas que a lei impón a nivel laboral respecto dos traballadores e o persoal que poida por calquera título prestar os seus servizos tanto durante a execución das obras como durante o funcionamento da actividade de albergue, deixando indemne á Orde da Estrita Observancia Monasterio de Santa María de Oseira de calquera compromiso ou responsabilidade que puidera xurdir, así como das consecuencias de toda índole que poidan derivarse durante a vixencia do convenio e á resolución do mesmo.

A xestión do albergue de peregrinos realizarase directamente pola Axencia Turismo de Galicia ou a través da SA de Xestión do Plan Xacobeo para a inclusión na Rede Pública de Albergues da Xunta de Galicia, sen que poida ceder ou arrendar total o parcialmente o inmovible ou ceder a xestión a órgano distinto, sen consentimento previo e por escrito da Orde da Estrita Observancia, nin a título lucrativo nin oneroso.

Quinta.- Comisión de seguimento e transparencia

En procura dunha relación baseada na transparencia e o diálogo créase unha Comisión de Seguimento, formada por representantes de ambas partes, cuxa labor será manterse informados mutuamente de todas as actuacións que afecten ao obxecto deste convenio.





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
CULTURA E TURISMO
Turismo de Galicia

Estrada Santiago-Noia, Km. 3
15897 Santiago de Compostela
Teléfono 981 546 358
<http://www.turismo.gal>



A súa actuación axustarase ao establecido nos preceptos básicos da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, e na Lei 16/2010, do 17 decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

Sexta.- Natureza xurídica, resolución de controversias e xurisdición competente

O presente acordo ten carácter patrimonial, e no non previsto expresamente nel, aplicarase o disposto na Lei 5/2011, do 30 de setembro, do patrimonio de Galicia, e no Código civil (artigos 1741 a 1752), e en defecto de previsión de tales normas resultará aplicable a Lei de contratos do sector público.

Calquera diverxencia que xurda en relación á interpretación e execución do contido deste convenio, resolverase, en primeira instancia, na Comisión de Seguimento. Na súa falta someteranse á xurisdición contenciosa-administrativa.

Sétima.- Publicidade do convenio e autorización e consentimento para que se publiquen os datos persoais e demais especificacións que figuran no convenio

O réxime de publicidade do convenio será o establecido na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, a Axencia Turismo de Galicia. A sinatura do convenio leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos e a referida publicidade.

En proba de conformidade cos termos do acordo, as partes comparecentes asinan e rubrican, en cuaduplicado exemplar, no lugar e data indicado no encabezamento.



Pola Axencia Turismo de Galicia

Román Rodríguez González

Pola Cisterciense Orde da Estrita Observancia
Monasterio de Santa María de Oseira

Enrique Trigueros Casullo




ABADÍA CISTERCIENSE
SANTA MARÍA LA REAL DE OSEIRA



Xacobeo 2021




ABADÍA CISTERCIENSE
SANTA MARÍA REAL DE OSEIRA



ADAPTACIÓN E REHABILITACIÓN DE ALBERGUES PARA PEREGRINOS
NO MOSTEIRO DE SANTA MARÍA A REAL DE OSEIRA

	AGENCIA TURISMO PRESIDENCIA	SITUACIÓN: OSEIRA SAN CRISTOVO DE GEA OURENSE		A 1.0
		ARQUITECTURA SITUACIÓN ALBERGUE 1		XANEIRO 2020
		et/1400		N


AXENCIA TURISMO DE GALICIA
XUNTA DE GALICIA

[illegible]



ABADÍA CISTERCIENSE
SANTA MARIA LA REAL DE OSEIRA

[Handwritten signature]



PLANTA BAIXA


CADRO DE SUPERFICIES

PLANTA BAIXA				
Vestibulo	4,16 m ²	Lavandaria	3,79 m ²	Salas de Inmersiones
				20,12 m ²

32 PRAZAS

SUPERFICIE ÚTIL		SUPERFICIE CONSTRUIDA	
	38,35 m ²		91,40 m ²
	38,81 m ²		41,72 m ²
TOTAL			55,12 m ²

ADAPTACIÓN E REHABILITACIÓN DE ALBERGUES PARA PEREGRINOS
NO MOSTEIRO DE SANTA MARIA A REAL DE OSEIRA



AXENCIA TURISMO DE GALICIA
XUNTA DE GALICIA

SITUACIÓN:		OSERIA	C 2.0
		SAN CRISTOVO DE CEA	
		OURENSE	
COTAS:		PATA DOXA	XANERO 2020
		PRIMEIRO ANDAR	e:1/100

